

trasiados correspondentes a dous conferenciantes: un desde Brasil e outro desde Galicia. Como se indicou, no Informe Económico elaborado pola Tesoureira pódense apreciar os detalles de gastos e ingresos correspondentes ó período 2003-06.

Helena González salientou así mesmo que desde o Congreso de Tréveris os organizadores tentaron que os congresos axudasen a viabilizar economicamente a asociación, deixando suficiente remanente mesmo para facer fronte a imprevistos. Por outra banda, indicou que quedan aínda pendentes os gastos correspondentes ás Actas do congreso.

Por outra banda, a Relacións Públicas salientou o importante apoio recibido das institucións públicas de Galicia, en particular o Consello da Cultura Galega.

Pilar García Negro referiuse á autonomía da AIEG, solicitando que a dependencia económica das institucións non supoña outro tipo de dependencias destes organismos públicos.

Helena González aclarou que, a pesar de que o congreso tivo, nun momento determinado, que ser refroado ante as dificultades existentes na sede de Bahía, en ningún caso se produciu unha invasión de competencias por parte das institucións galegas, senón que moi ó contrario existiu unha complicidade por parte destas coas necesidades existentes na Asociación. Por outra banda, segundo a Relacións Públicas a estabilización de moitos dos socios a través da domiciliación das cotas ha facilitar a situación, xa que non terán que renova-la súa pertenza á AIEG expresamente para cada período.

Gonzalo Vázquez Pozo expresa o seu acordo con Pilar García Negro, achegando así mesmo que se debería realizar un esforzo para integrar outras entidades no financiamento da Asociación e do Congreso, en particular afrontando esta situación cunha perspectiva de medio prazo. Vázquez Pozo suxire acudir a unha serie de empresas emblemáticas para tentar conseguir delas fondos e tamén convidalos a participar en diferentes maneiras nas actividades do Congreso e da Asociación.

M^a Xesús Lama sinala que esa estratexia tentou aplicarse no Congreso de Barcelona co fin de diversifica-lo financiamento. Porén, a resposta das empresas consistiu en indicar que este investimento non formaba parte dos seus obxectivos e funcións. A pesar de que a experiencia de Barcelona ó respecto resultou frustrante, M^a Xesús Lama espera que haxa máis sorte no futuro, e quizais este sexa un índice da capacidade de captación e repercusión da AIEG.

Olivia Rodríguez González salienta que o financiamento é xestionado polo comité organizador do congreso, e lamenta que os empresarios do Brasil non colaborasen economicamente en absoluto neste VIII Congreso. En todo caso, considera que se debería procurar con máis énfase financiamento desde a empresa privada galega.

3. Informe do VIII Congreso celebrado en Salvador de Bahía.

A Relacións Públicas calificou o congreso de moi emocionante, malia as importantes dificultades organizativas xurdidas, xa que é notorio que existe unha rede de investigadores fóra de Galicia, así como un grupo de persoas novas que está a xurdir, a pesar de que nalgúns casos este fenómeno non sexa aínda moi visible.

